

RESUMO LEXISLACIÓN PCPI

Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os departamentos de orientación de cada centro informarán as Persoas interesadas en cursar un programa de cualificación profesional inicial sobre a conveniencia da súa incorporación a estes.

Artigo 5º.-*Requisitos de acceso.*

1. Poderá cursar programas de cualificación profesional inicial o alumnado que teña entre dezaseis e dezanove anos cumpridos dentro do ano de inicio do programa, que non obtivera o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e non tivera cursado con anterioridade outro programa de cualificación profesional inicial.
2. Excepcionalmente, o límite inferior de idade poderá reducirse a quince anos para o alumnado que tivera cursado segundo curso de ensino secundario obrigatorio, que non estea en condicións de pasar a terceiro e que xa repetira unha vez na etapa.

Artigo 6º.-*Procedemento de incorporación para o alumnado en idade de escolarización obrigatoria.*

1. Para determinar a incorporación dun alumno ou dunha alumna a un programa de cualificación profesional inicial en idade de escolarización obrigatoria nas condicións establecidas no artigo 5º.2 desta orde, seguirase o proceso seguinte:
 - a) Elaboración polo titor ou a titora dun informe individualizado que conteña a proposta razoada do equipo do profesorado do grupo a que pertence o alumno ou a alumna, que será remitido ao departamento de orientación.

Nel farase constar:

-A competencia curricular do alumno ou da alumna en cada materia.

- As dificultades de aprendizaxe presentadas.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integren nun programa de cualificación profesional inicial.

b) Realización por parte da xeatura do departamento de orientación dun informe en que se inclúan as conclusións da avaliación psicopedagóxica.

Para a incorporación ao programa, será imprescindible a conformidade por escrito do alumno ou da alumna, a do seu pai e a da súa nai, ou a de quen teña asignada a súa representación legal, así como o compromiso, tamén por escrito, de cursar os módulos conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria a que se refire o artigo 10º desta orde. Cumprirá incorporar ao informe o referido documento de conformidade e de compromiso.

c) Realización da proposta de incorporación ao programa por parte da dirección do centro á vista dos informes anteriores, que será remitida ao servizo provincial de inspección educativa.

d) Corresponderalle ao servizo provincial de inspección educativa, unha vez valorada a documentación anterior, a resolución sobre a autorización da proposta de incorporación ao programa, que se deberá remitir ao centro educativo antes do 12 de setembro.

e) O centro remitiralles unha comunicación aos pais, ou a quen teña asignada a representación legal do alumno ou da alumna, segundo o modelo que figura no anexo I desta orde, en que se indicará a concesión ou denegación da autorización.

ESTRUTURA DOS PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL

Artigo 7º.- Tipos de módulos.

1. Os programas de cualificación profesional inicial terán unha estrutura modular e incluírán os seguintes tipos de módulos:

a) Específicos. (obrigatorios)(580 horas incluíndo FCT)

b) Formativos de carácter xeral. (obrigatorios)

c) Conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria (voluntarios)

2. Os módulos específicos e os de carácter xeral constitúen os módulos obrigatorios, que deberá cursar a totalidade do alumnado matriculado nun programa de cualificación profesional inicial nas condicións que se establezan nesta orde.

3. Os módulos conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria teñen o carácter de voluntarios, e serán cursados polo alumnado que desexe obter este título. O alumnado incorporado a un programa de cualificación profesional inicial en idade de escolarización obrigatoria deberá comprometerse a cursalos, tal e como se indica no artigo 6º desta orde.

Artigo 8º.- Módulos específicos.

1. Os módulos específicos desenvolverán as competencias do perfil profesional e incluírán, como mínimo, unha cualificación profesional completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

2. Todos os programas de cualificación profesional inicial contarán cunha fase de prácticas en centros de traballo, respectando as exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións Profesionais e Formación Profesional. Con tal fin, incluírán un módulo específico de formación en centros de traballo que, con carácter xeral, se desenvolverá durante o terceiro trimestre do curso académico e ao que só poderá acceder o alumnado que teña superados os restantes módulos obrigatorios.

4. A carga horaria prevista para a totalidade dos módulos específicos, incluído o de formación en centros de traballo, será de 580 horas, cunha distribución semanal de dezoito sesións lectivas durante o período de formación no centro educativo.

Artigo 9º.- Módulos formativos de carácter xeral (13 sesións semanais).

1. Os módulos formativos de carácter xeral teñen por obxecto contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas e

favorecer a transición desde o sistema educativo ao mundo laboral. Son os seguintes:

a) Módulo de competencia comunicativa e dixital (4 sesións semanais):

contribúe a desenvolver o hábito de lectura e a comprensión e expresión oral e escrita nas linguas galega e castelá, así como as capacidades de procura e tratamento da información, mediante o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación.

Este módulo terá unha carga lectiva de catro sesións semanais.

O módulo de competencia comunicativa e dixital será preferentemente impartido por **mestres ou mestras** e, en caso de non ser posible, por profesores ou profesoras pertencentes ao corpo de profesores de ensino secundario das especialidades de lingua e literatura galega, ou de lingua castelá e literatura. No caso de centros de titularidade privada, por profesorado habilitado para impartir as devanditas materias.

b) Módulo de sociedade e cidadanía (3 sesións semanais):

contribúe ao coñecemento do mundo actual, da sociedade e da súa organización, así como dos dereitos e dos deberes da cidadanía.

A carga lectiva para este módulo será de tres sesións semanais.

O módulo da sociedade e da cidadanía será preferentemente impartido por **mestres ou mestras** e, en caso de non ser posible, por profesores ou profesoras pertencentes ao corpo de profesores de ensino secundario de xeografía e historia. No caso de centros de titularidade privada, por profesorado habilitado para impartir as devanditas materias.

c) Módulo científico-matemático(catro sesións semanais):

contribúe á interpretación da realidade mediante a identificación e a resolución de problemas habituais na interacción co contorno.

Este módulo terá unha carga lectiva de catro sesións semanais.

O módulo científico-tecnolóxico será preferentemente impartido por **mestres ou mestras** e, en caso de non ser posible, por profesores ou profesoras pertencentes ao corpo de profesores de ensino secundario de tecnoloxía, de matemáticas, de bioloxía e xeoloxía, ou de física e química. No caso de centros de titularidade privada, por profesorado habilitado para impartir as devanditas materias.

d) Módulo de iniciativa persoal e relacións laborais (2 sesións semanais): contribúe ao desenvolvemento da autonomía persoal, o coñecemento dos dereitos e as obrigas das relacións laborais, a hixiene e a prevención de riscos, así como ao fomento do espírito emprendedor e da necesidade de aprender ao longo da vida. A carga lectiva para este módulo será de dúas sesións semanais. O módulo de iniciativa persoal e relacións laborais será preferentemente impartido por profesores ou profesoras pertencentes ao corpo de profesores de ensino secundario da especialidade de formación e orientación laboral e, en caso de non ser posible, de economía, e de xeografía e historia, sucesivamente. No caso de centros de titularidade privada, por profesorado habilitado para impartir as devanditas materias.

Artigo 10º.- ***Módulos formativos conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.***

1. Os módulos conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria organizaranse zaranse en tres ámbitos de coñecemento: de comunicación, social e científico-tecnolóxico.
2. O currículo destes módulos será o establecido para o nivel II da educación secundaria para persoas adultas, desenvolvido en aplicación do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 11º.- ***Modalidades de impartición.***

1. Os programas de cualificación profesional inicial poderán cursarse a través dalgunha das seguintes modalidades:
 - a) Modalidade A, en que todos os módulos obrigatorios se imparten nun mesmo centro educativo, agás o de formación en centros de traballo.
 - b) Modalidade B, en que os módulos específicos se imparten nun centro educativo, agás o de formación en centros de traballo, e os módulos formativos de carácter xeral se imparten noutro.
 - c) Modalidade C, en que poderán participar as corporacións locais, as asociacións profesionais, as asociacións non gobernamentais e

outras entidades empresariais e sindicais, baixo a coordinación e logo de autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 12º.- *Duración e carga horaria.*

1. Os programas de cualificación profesional inicial terán unha duración de dous cursos académicos.

2. Os módulos obrigatorios serán cursados no primeiro curso do programa, que terá unha duración de 900 horas, das que 160 estarán destinadas á realización do módulo específico de formación en centros de traballo.

O horario semanal será de 32 períodos lectivos, de acordo co disposto nos artigos 8º e 9º desta orde. Quedará exceptuado o período en que se curse o módulo de formación en centros de traballo, en que se aterá ao horario laboral establecido no convenio colectivo ou na normativa laboral aplicable á empresa en que se realice.

Reservarase un período lectivo semanal para actividades de titoría e orientación do alumnado.

3. Os módulos voluntarios serán cursados no segundo ano e respectarán a carga horaria prevista para os módulos de nivel II da educación secundaria para persoas adultas.

ADMISIÓN E MATRÍCULA

Artigo 13º.- *Solicitud de matrícula.*

1. As persoas que desexen realizar un programa de cualificación profesional inicial deberán formalizar a matrícula en cada curso académico de que consta o programa.

2. A matrícula no primeiro curso dará dereito a unha única convocatoria para cada módulo obrigatorio.

3. Para a formalización da matrícula no segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial cumprirá ter superados todos os módulos do primeiro. O alumnado incorporado a un programa de cualificación profesional inicial en idade de escolarización obligatoria que non supere os módulos obrigatorios reincorporarase ao centro de procedencia no curso que corresponda

da educación secundaria obrigatoria para continuar os seus estudos, sen prexuízo do disposto no artigo 15º.

Artigo 14º.- Procedemento de admisión.

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, no caso de existir maior número delas que prazas ofrecidas, o Consello Escolar asignará as prazas conforme os seguintes criterios de prioridade, pola orde en que figuran a seguir:

- a) Alumnado incorporado en idade de escolarización obrigatoria.
- b) Alumnado escolarizado no curso anterior.
- c) De persistir o empate, sorteo público efectuado polo Consello Escolar.

Artigo 15º.- Convocatoria excepcional.

1. O alumnado que esgotase a convocatoria prevista e non superase a totalidade dos módulos obrigatorios poderá solicitar por unha soa vez ante a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a concesión dunha convocatoria excepcional para rematar o programa.

RENUNCIAS E BAIXAS DE MATRÍCULA

Artigo 16º.- Renuncia á matrícula nos módulos obrigatorios.

1. Poderase renunciar por unha soa vez á matrícula nun programa de cualificación profesional inicial, sempre que se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Doenza prolongada de carácter físico ou psíquico do alumno ou da alumna.
- b) Doenza prolongada de carácter físico ou psíquico de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade do alumno ou alumna.
- c) Incorporación a un posto de traballo mediante un contrato de duración superior a dous meses, nun horario incompatible coas ensinanzas do programa de cualificación profesional inicial.
- d) Obrigas de tipo familiar ou persoal que impidan a normal dedicación ao estudo.

Artigo 17º.- Baixa de oficio en programas de cualificación profesional inicial.

1. Causarán baixa de oficio os alumnos e as alumnas que acumulen en calquera momento do primeiro curso un número de faltas de asistencia inxustificadas de acordo co especificado nos puntos 2 e 3 deste artigo.
4. O alumnado que cause baixa de oficio non se poderá matricular novamente nun programa de cualificación profesional inicial.

Artigo 18º.- *Falta de aproveitamento académico do alumnado incorporado anticipadamente ao programa.*

1. O equipo docente poderá adoptar por maioría a proposta de reincorporación dun alumno ou dunha alumna ao nivel de educación secundaria obligatoria de procedencia nos seguintes casos:.....

Artigo 20º.- *Titoría e orientación.*

1. A dirección do centro designará para cada programa de cualificación profesional inicial unha persoa titora de entre o profesorado que imparta docencia ao grupo, preferentemente dos módulos específicos. A titoría contará coa especial colaboración e asesoramento do departamento de orientación.
2. No plan de acción titorial do centro deseñaranse actividades específicas para o alumnado dos programas de cualificación profesional inicial. Estas actividades centraranse especialmente nos seguintes aspectos:

Artigo 22º.- *Cualificacións.*

1. A cualificación dos módulos obrigatorios, bardante o de formación en centros de traballo, será numérica: entre un e dez, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos. O módulo de formación en centros de traballo cualificarase como apto ou non apto.
2. A nota final dos módulos obrigatorios do programa de cualificación profesional inicial será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada módulo expresada con dous decimais.
3. As cualificacións e a nota final dos módulos voluntarios do programa de cualificación profesional inicial

serán as establecidas na normativa específica pola que se regula a educación secundaria de persoas adultas na Comunidade Autónoma de Galicia.

DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DE AVALIACIÓN

Artigo 25º.- *Avaliacións parciais de módulos obrigatorios.*

3. A terceira avaliación parcial determinará o acceso do alumnado ao módulo de formación en centros de traballo, traballo, que con carácter ordinario se desenvolverá durante o terceiro trimestre do curso académico e ao que só poderá acceder o alumnado que teña superados os restantes módulos obrigatorios. O modelo de acta será o que figura no anexo VI desta orde.

4. Para o alumnado que non acceda á formación en centros de traballo por ter módulos pendentes, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos obrigatorios.

Artigo 26º.- *Avaliación final de módulos obrigatorios.*

1. A sesión de avaliación final de módulos obrigatorios levarase a cabo unha vez finalizado o período ordinario de realización do módulo de formación en centros de traballo, e nela avaliarase:

- O módulo de formación en centros de traballo, para o alumnado que o realizase.
- Os módulos pendentes, para o alumnado que non accedera á formación en centros de traballo, por non os ter superados na terceira avaliación parcial, tomando como base as actividades de recuperación a que se fai referencia no punto 4 do artigo anterior.

En caso de obter unha cualificación positiva nestes módulos, o alumno ou a alumna proporanse para a realización da formación en centros de traballo en **período extraordinario**.

Para os efectos de rexistro nas actas de avaliación, o módulo de formación en centros de traballo será cualificado con NA (non avaliado).

Artigo 27º.- *Avaliación final extraordinaria de módulos obrigatorios.*

O alumnado que realizara a formación en centros de traballo nun período extraordinario avaliarase desta na avaliación final extraordinaria de módulos obrigatorios, da que se levantará acta por medio do modelo que figura no anexo VIII desta orde.

Artigo 28º.- *Avaliación de módulos voluntarios.*

As avaliacións dos módulos conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria realizaranse consonte o establecido na normativa específica pola que se regula a educación secundaria de persoas adultas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 1 de xullo de 2008, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se establece o perfil do programa de cualificación profesional inicial de **instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en Galicia.**

Segundo.- *Identificación.*

O programa de cualificación profesional inicial de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións queda identificado polos seguintes elementos:

- Denominación: instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións.
- Nivel: programa de cualificación profesional inicial.
- Duración: **580 horas.**
- Familia profesional: electricidade e electrónica.

Terceiro.- *Competencia xeral.*

Realizar operacións auxiliares na montaxe e no mantemento de elementos e equipamentos de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios e en conxuntos de edificios, aplicando as técnicas requiridas en cada caso, e operando coa calidade indicada e en condicións de seguridade.

Sexto.- **Contorno profesional.**

1. **Ámbito profesional.** Desenvolve a súa actividade profesional en pequenas e medianas empresas, nomeadamente privadas, por conta allea, dedicadas á montaxe e ao mantemento de instalacións electrotécnicas en edificios de vivendas, oficinas, locais comerciais e industriais. A actividade está regulada polo regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT) e pola normativa das infraestruturas comúns de telecomunicacións.

2. **Sectores produtivos.** Sitúase no sector eléctrico, dentro do subsector de montaxe e mantemento, nas seguintes actividades económico-productivas:

Sétimo.- ***Módulos específicos.***

-ME0005. **Instalacións eléctricas e domóticas.**

-ME0006. **Instalacións de telecomunicacións.**

-ME0007. **Formación en centros de traballo.**

Módulos específicos

1. Módulo específico: **instalacións eléctricas e domóticas.**

-Código: ME0005.

-Duración: **187 horas.**

2. Módulo específico: **instalacións de telecomunicacións.**

-Código: ME0006.

-Duración: **233 horas.**

3. Módulo específico: **formación en centros de traballo.**

-Código: ME0007.

-Duración: **160 horas.**

ANEXO III

A) Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos específicos do perfil profesional.

A) Espazos mínimos

Espazo formativo	Superficie m ² (12 alumnos/as)
Aula polivalente	30 m ²
Taller de instalacións electrotécnicas	80 m ²

B) Equipamentos mínimos

Espazo formativo	Equipamento
<ul style="list-style-type: none"> Aula polivalente 	<ul style="list-style-type: none"> Computadores instalados en rede, canón de proxección e acceso a internet. Medios audiovisuais. Software de simulación de instalacións.
<ul style="list-style-type: none"> Taller de instalacións electrotécnicas 	<ul style="list-style-type: none"> Equipamentos e elementos para montar ou simular instalacións eléctricas, domóticas e de telecomunicacións. Ferramentas manuais para traballos eléctricos. Ferramentas manuais para traballos mecánicos. Equipamentos de medida de magnitudes eléctricas (polímetros, pinzas amperimétricas, medidores de illamento, etc.). Equipamentos de seguridade e protección eléctrica.

A) Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos específicos do perfil profesional

Módulo específicos	Especialidade do profesorado	Corpo
<ul style="list-style-type: none"> ME0005. Instalacións eléctricas e domóticas. 	Instalacións electrotécnicas. Equipamentos electrónicos.	Profesorado técnico de formación profesional.
	Sistemas electrotécnicos e automáticos. Sistemas electrónicos	Catedrático/a de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> ME0006. Instalacións de telecomunicacións. 	Instalacións electrotécnicas. Equipamentos electrónicos.	Profesorado técnico de formación profesional.
	Sistemas electrotécnicos e automáticos. Sistemas electrónicos	Catedrático/a de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.

B) Titulacións requiridas para a impartición dos módulos específicos que conforman o perfil profesional nos programas de cualificación profesional inicial para os centros de titularidade privada ou doutras administracións distintas da educativa

Módulos específicos	Titulacións
<ul style="list-style-type: none"> ME0005. Instalacións eléctricas e domóticas. ME0006. Instalacións de telecomunicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a, mestre/a, arquitecto/a técnico/a, enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a, título de grao, ou outros títulos equivalentes cuxos perfís académicos se correspondan coa formación asociada aos módulos específicos no programa de cualificación profesional inicial

Resolución do 4 de xullo de 2008, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se establece o perfil do programa de cualificación profesional inicial de **servizos administrativos en Galicia**.

Segundo.- *Identificación.*

O programa de cualificación profesional inicial de servizos administrativos queda identificado polos seguintes elementos:

- Denominación: servizos administrativos.
- Nivel: programa de cualificación profesional inicial.
- Duración: **580 horas**.
- Familia profesional: administración e xestión.

Terceiro.- *Competencia xeral.*

Realizar operacións de verificación e gravación de datos; transcribir, distribuír, reproducir, transmitir e archivar a información e a documentación requeridas nas tarefas internas e externas administrativas e de xestión, así como realizar trámites elementais con documentos, consonte as instrucións, a normativa e os procedementos establecidos, de xeito coordinado e con criterios de calidade, produtividade, seguranza e respecto polo medio.

Sexto.- *Contorno profesional.*

1. **Ámbito profesional.** Esta figura profesional desenvolve a súa actividade por conta allea, en calquera empresa ou entidade do sector privado ou do sector público, nomeadamente en oficinas, despachos e departamentos de administración ou servizos xerais.
2. **Sectores produtivos.** Está presente en todos os sectores produtivos, así como na Administración, e destaca polo seu alto grao de transectorialidade.
3. **Ocupacións e postos de traballo máis salientables.**
 - Gravador/a e verificador/a de datos.
 - Operador/a documental.
 - Auxiliar de dixitalización.
 - Auxiliar de oficina.

- Auxiliar de servizos xerais.
- Auxiliar de arquivo.
- Clasificador/a e repartidor/a de correspondencia.
- Ordenanza.
- Auxiliar de información.
- Telefonista en servizos centrais de información.
- Despachador/a de billetes.

Sétimo.- **Módulos específicos**.

1. Os módulos específicos deste perfil profesional, que toman como referentes os módulos formativos asociados ás unidades de competencia das que se compón, quedan desenvolvidos no anexo I desta resolución.

2. Son os que se relacionan deseguido:

- ME0020. Procesamento de datos e de documentación.
- ME0021. Operacións administrativas e de comunicación.
- ME0022. Arquivo e reprografía.
- ME0023. Formación en centros de traballo.

ANEXO I

Módulos específicos

1. Módulo específico: **procesamento de datos e de documentación.**

-Código: ME0020.

-Duración: **210 horas.**

2. Módulo específico: **operacións administrativas e de comunicación.**

-Código: ME0021.

-Duración: **117 horas.**

3. Módulo específico: **arquivo e reprografía.**

-Código: ME0022.

-Duración: **93 horas.**

4. Módulo específico: **formación en centros de traballo.**

-Código: ME0023.

-Duración: **160 horas.**

ANEXO II

A) Espazos.

Espazo formativo	Superficie en m ² (12 alumnos/as)
Aula de xestión	45

B) Equipamentos.

Espazo formativo	Equipamento
Aula de xestión	<ul style="list-style-type: none">-Computadores instalados en rede con acceso a internet.-Medios audiovisuais, canón de proxección.-Periféricos: impresora, escóner e reproductora.-Ferramentas para a realización de operacións de encadernación funcional.-Software de propósito xeral.-Software específico de xestión administrativa.

A) Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos específicos do perfil profesional.

Módulo específico	Especialidade do profesorado	Corpo
-ME0020. Processamento de datos e de documentación.	Procesos de xestión administrativa. Procesos comerciais.	Profesorado técnico de formación profesional.
-ME0021. Operacións administrativas e de comunicación.	Procesos de xestión administrativa Procesos comerciais.	Profesorado técnico de formación profesional.
-ME0022. Arquivo e reprografía.	Procesos de xestión administrativa Procesos comerciais.	Profesorado técnico de formación profesional.

B) Titulacións requiridas para a impartición dos módulos específicos que conforman o perfil profesional nos programas de cualificación profesional inicial para os centros de titularidade privada ou doutras administracións distintas da educativa.

Módulos profesionais	Titulacións
-ME0020. Procesamento de datos e documentación.	-Licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a, mestre/a, arquitecto/a técnico/a, enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a,
-ME0021. Operacións administrativas e de comunicación.	titulo de grao, técnico/a superior, ou outros títulos equivalentes, cuxos perfís académicos se correspondan coa formación asociada aos módulos específicos no programa de cualificación profesional inicial.
-ME0022. Arquivo e reprografía.	

ANEXO IV

Perfil das persoas formadoras que impartan os módulos específicos do perfil profesional en contornos produtivos

Módulo específico	Perfil profesional da persoa formadora
-ME0020. Procesamento de datos e de documentación.	-Dominio das técnicas e dos coñecementos relacionados coa introdución de datos e textos en terminais informáticos en condicións de seguranza, calidade e eficiencia, así como coa realización de operacións básicas de tratamento de datos e de textos, e coa confección de documentación, que se ha acreditar mediante un dos xeitos seguintes: -Formación académica de técnico/a superior, ou outra de nivel superior relacionada con este campo profesional. -Experiencia profesional dun mínimo de tres anos no campo das competencias relacionadas con este módulo formativo.
-ME0021. Operacións administrativas e de comunicación.	-Dominio das técnicas e dos coñecementos relacionados coa realización e a integración de operacións de apoio administrativo básico, e coa transmisión e a recepción de información operativa en xestións rutineiras con axentes externos da organización, que se ha acreditar mediante un dos xeitos seguintes: -Formación académica de técnico/a superior, ou outra de nivel superior relacionada con este campo profesional. -Experiencia profesional dun mínimo de tres anos no campo das competencias relacionadas con este módulo formativo.
-ME0022. Arquivo e reprografía.	-Dominio das técnicas e dos coñecementos relacionados coa realización de operacións auxiliares de reprodución e arquivo en soporte convencional ou informático, que se ha acreditar mediante un dos xeitos seguintes: -Formación académica de técnico/a superior, ou outra de nivel superior relacionada con este campo profesional. -Experiencia profesional dun mínimo de tres anos no campo das competencias relacionadas con este módulo formativo.

ANEXO V

Relación dos módulos específicos coas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais que inclúe o programa

Módulo específico	Unidades de competencia
-ME0020. Procesamento de datos e de documentación.	-UC0973_1: realizar e integrar operacións de apoio administrativo básico. -UC0974_1: transmitir e recibir información operativa en xestións rutineiras con axentes externos da organización.
-ME0021. Operacións administrativas e de comunicación.	-UC0969_1: realizar e integrar operacións de apoio administrativo básico. -UC0970_1: transmitir e recibir información operativa en xestións rutineiras con axentes externos da organización.
-ME0022. Arquivo e reprografía.	-UC0971_1: realizar operacións auxiliares de reprodución e arquivo en soporte convencional ou informático.

ANEXO VI

Distribución horaria dos módulos específicos

Módulo específico	Horas totais	Sesións semanais (*)
-ME0020. Procesamento de datos e de documentación.	210	9
-ME0021. Operacións administrativas e de comunicación.	117	5
-ME0022. Arquivo e reprografía.	93	4
-ME0023. Formación en centros de traballo.	160	-

* Distribución semanal para os centros que impartan as ensinanzas do programa de cualificación profesional inicial en sesións de 50 minutos.